# Abegondo - ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE

Publicación provisional : 02-10-2001 BOP Nº 227 -- Publicación definitiva : 02-10-2001 BOP Nº 227
Redacción Aplicable desde 24-05-2021

Redacciones

- Art. 1º .-Fundamento legal.
- Art. 2º .-Feito impoñible.
- Art. 3º .-Suxeito pasivo.
- Art. 4º .-Responsables.
- Art. 5º .-Exencións, reducción e bonificacións.
- Art. 6º .-Base impoñible.
- Art. 7º .-Cota tributaria.
- Art. 8º .-Contadores.
- Art. 9º .-Devengo.
- 10º .-Liquidación e recadación.
- 11º .-Infraccións e sancións.
- Disposición final.

## Art. 1º .-Fundamento legal.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, e ó abeiro do disposto nos artigos 20 e 58 da Lei 39/88 do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por subministro de auga potable, que se rexerá pola seguinte ordenanza fiscal.

## Art. 2º .-Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible da presente taxa, o subministro da auga potable as vivendas, locais comerciais, industriais e análogos a través da rede municipal de abastecemento de auga.

## Art. 3º .-Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos desta taxa, na condición de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados pola actividade administrativa ou servicio que constitúe o feito impoñible desta taxa.

Así mesmo, terán a consideración de substituto do contribuínte os propietarios dos inmobles, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas abonadas sobre os respectivos beneficiarios.

## Art. 4º .-Responsables.

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas que son causantes ou colaboran na realización da infracción tributaria, ás que se refiren os artigos 38 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades, ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, no suposto e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

## Art. 5º .-Exencións, reducción e bonificacións.

De conformidade co disposto do artigo 18 da Lei 8/89, do 13 de abril, non se recoñece beneficio tributario algún, agás o propio Concello.

## Art. 6º .-Base impoñible.

A base impoñible da presente taxa virá determinada por unha cota fixa máis unha cantidade por m3 de auga consumida.

## Art. 7º .-Cota tributaria.

A.- TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECEMENTO

A.1.- Doméstico e comercial:

— Cota fixa mensual : 3,526 €/ab.mes

— Por consumo: 0,219 €/m³

A.2.- Industrial e obras:

– Cota fixa mensual : 4,410 €/ab.mes

– Por consumo: 0,219 €/m³

A.3.- Cota de conservación de acometidas de abastecemento

· Cota mensual: 0,357 €/ab.mes

B.- REALIZACIÓN DE ACOMETIDAS E ENGANCHES

B.1.- Prezo de acometidas de abastecemento

Prezo unitario

Acometida de 1”: 439,70 €/ud.

Acometida de 1¼” 483,68 €/ud.

Acometida de 1½” 532,06 €/ud.

Acometida de 2” 585,23 €/ud.

B.2.- Taxa de enganche

• Para edificios cunha soa vivenda está incluído no prezo da acometida.

• Para edificios con baixo e planta usados de forma independente e unha soa acometida

• O primeiro enganche está incluído dentro do prezo da acometida

• O segundo enganche: 239,81 €.

• Para edificios con varias vivendas ou locais comerciais e unha soa acometida

• Por cada vivenda ou local comercial: 239,81 €.

B.3.- Acometidas de maior lonxitude

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición que se vai realizar na gabia.

Para as acometidas de máis de 5 m (entre 5 e 10 m) terase un prezo por metro de exceso. Para maiores distancias farase un orzamento en cada caso, resultando o custo inferior ao prezo unitario por metro.

| Acometidas de máis de 5 mts. | ¾” | 1” | 1½” | 2” |
|---|---|---|---|---|
| (A) incremento € por m. | 9,72 | 11,41 | 16,27 | 27,26 |
| (B) incremento € por m. | 21,41 | 23,11 | 27,93 | 38,96 |
| (C) incremento € por m. | 25,80 | 27,34 | 32,21 | 43,21 |

B.4.- Cambio de titular e taxa de alta

1.- Cambio do titular

Por cada cambio de titular, previa autorización do Concello: 47,98 €.

2.- Taxa de alta

Por taxas administrativas por todos os conceptos: 39,98 €

B.5.- Xestión de cobro a impagados

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago: 4,32 €/ud

B.6.-Desprecintado de contador

Por desprecintado de contador : 19,46 €/ud.

B.7- Precintado de contador

Por revisión de instalación, precintado de racores, lectura inicial, de contadores non instalados por persoal do servizo: 19,46 €/ud.

B.8.-Comprobación de contador do abonado con contador patrón

Por petición do abonado, comprobación da medición do seu contador con contador patrón: 19,46 €/ud.

Artigo 8

CONTADORES

1.1.- INSTALACIÓN EN BATERÍA DE CONTADOR OU SIMILAR

- Chave de paso

- Válvula antirretorno

- Pezas de conexión

- Prezo contador instalado

- Contador de 13 mm: 80,75 €/ud.

- Contador de 15 mm: 80,75 €/ud.

- Contador de 20 mm: 118,55 €/ud.

1.2.- INSTALACIÓN EN FORNELA DE POLIÉSTER

- Prezo contador instalado sobre parede con fornela de poliéster

- Contador de 13 mm: 132,17 €/ud.

- Contador de 15 mm: 132,17 €/ud.

- Contador de 20 mm: 176,83 €/ud.

1.3.- CONTADOR DIÁMETRO SUPERIOR A 20 MM.

Farase orzamento para cada caso.

1.4.- TARIFA DE CONTADORES (sen instalación)

| TARIFA DE CONTADORES (sen colocación) | | |
|---|---|---|
| Ø13 mm. | 57,02 | €/ud |
| Ø15 mm. | 57,02 | €/ud |
| Ø20 mm. | 76,55 | €/ud |
| Ø25 mm. | 129,54 | €/ud |

| | | |
|---|---|---|
| Ø30 mm. | 182,33 | €/ud |
| Ø40 mm. | 283,30 | €/ud |
| Ø50 mm. | 628,54 | €/ud |
| Ø65 mm. | 769,64 | €/ud |

1.5.- TARIFAS POR COLOCACIÓN DE CONTADORES (aparato subministrado polo abonado)

- Contador de 13 mm: 37,07 €/ud.

- Contador de 15 mm: 41,66 €/ud.

- Contador de 20 mm: 52,32 €/ud.

PREZO DE ACOMETIDA E CONTADORES

1. PREZO DE EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS

1.1. Acometida normal

Realízase o cálculo para a acometida normal de 5,00 m de lonxitude máximo (1 a 5 m)

MATERIAIS

- Collarín de toma

- Enlaces

- Tubería de PEBD: 1 A 5 M

- Chaves de paso

- Arquetilla de 15x25

OBRA CIVIL

- Arqueta para colocación de tapa de 15x25

- Lonxitude máxima: 5 m (apertura, peche e reposición de pavimento)

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición que se debe realizar.

| Acometida | Terra (A) | Asfalto (B) | Baldosa-beirarrúa (C) |
|---|---|---|---|
| ¾” | 193,61 | 249,20 | 296,81 |
| 1” | 210,68 | 263,52 | 312,87 |
| 11/4” 1½” | 253,44 | 309,22 | 356,25 |
| | | | 403,80 |
| 2” | 301,58 | 356,25 | |

## Art. 8º .-Contadores.

1.1.–INSTALACIÓN EN BATERÍA DE CONTADOR OU SIMILAR

– Chave de paso

– Válvula antirretorno

– Pezas de conexión

Prezo contador instalado

– Contador de 13 mm: 79,18 €/ud.

– Contador de 15 mm: 79,18 €/ud.

– Contador de 20 mm: 116,24 €/ud.

1.2.–INSTALACIÓN EN FORNELA DE POLIÉSTER

– Prezo contador instalado sobre parede con fornela de poliéster

– Contador de 13 mm: 129,59 €/ud.

– Contador de 15 mm: 129,59 €/ud.

– Contador de 20 mm: 173,39 €/ud.

1.3.–CONTADOR DIÁMETRO SUPERIOR A 20 MM

Farase orzamento para cada caso.

1.4.–TARIFA DE CONTADORES (sen instalación)

| TARIFA DE CONTADORES (sen colocación) | | |
|---|---|---|
| Ø13 mm | 55,77 | €/ud |
| Ø15 mm | 55,77 | €/ud |
| Ø20 mm | 74,88 | €/ud |
| Ø25 mm | 126,70 | €/ud |
| Ø30 mm | 178,34 | €/ud |
| Ø40 mm | 277,10 | €/ud |
| Ø50 mm | 614,79 | €/ud |
| Ø65 mm | 752,80 | €/ud |

1.5.–TARIFAS POR COLOCACIÓN DE CONTADORES (aparato subministrado polo abonado)

– Contador de 13 mm: 36,35 €/ud.

– Contador de 15 mm: 40,85 €/ud.

– Contador de 20 mm: 51,30 €/ud.

## Art. 9º .-Devengo.

O devengo da presente taxa terá lugar cando naza a obriga de contribuír, segundo o establecido no artigo 2º .

A cota tributaria polo subministro, devéngase o primeiro día de cada trimestre natural. Nos casos de alta nace a obriga de contribuír igualmente no primeiro día do trimestre en que sexa realizada á acometida e o enganche.

## 10º .-Liquidación e recadación.

1.-As liquidacións polo subministro de auga potable serán aprobadas polo órgano competente do Concello o remate de cada trimestre natural, unha vez confeccionado o padrón correspondente polo concesionario do servicio, tendo en conta as lecturas dos contadores; as liquidacións serán expostas ó público por un período mínimo de quince días hábiles. Non será necesaria a notificación das cotas sucesivas que se deriven da súa declaración de alta, sen prexuízo da remisión do correspondente recibo con detalle da facturación.

O cobro dos recibos poderá ser:

a. Directamente das oficinas do concesionario do servicio.

b. Ou mediante xestión bancaria.

2.-A liquidación da cota tributaria pola acometida, será aprobada polo órgano competente do Concello simultaneamente ó outorgamento da licencia de enganche, baseándose do presuposto presentado pola empresa concesionaria do servicio, acorde cos prezos aprobados nesta ordenanza.

A recadación levarase a cabo pola empresa concesionario do servicio ó abeiro do disposto no artigo 124 da Lei Xeral Tributaria. O prazo para o ingreso en voluntaria será o previsto no Regulamento Xeral de Recadación, artigo 20.

## 11º .-Infraccións e sancións.

En materia de infracción e as súas correspondentes sancións estarase ó disposto da Lei Xeral Tributaria, artigos 77 e seguintes, e demais normativa aplicable.

## Disposición final.

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 29 de decembro do ano 2000; entrará en vigor unha vez sexa publicada no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse có primeiro trimestre do ano 2001; permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.